


I Plan Estratégico 2024-2025





Autoría:
ALAS A Coruña

Redacción:
Óscar Rodríguez Fernández

Revisión:
Carlos Manuel Tilve Álvarez y Ana G. Fernández

Maquetación:
Ana G. Fernández

Entidade membro de:





Índice

Introdución	4
Metodoloxía	5
Situación actual	6
Tamaño	6
Antigüidade	6
Forma xurídica e ámbito xeográfico	8
Compromiso	8
Campo de actividade	9
Vida asociativa	9
Servizos, programas e proxectos.	10
Análise DAFO	12
Plan estratéxico	14
Misión, visión e valores	14
Eixes estratéxicos	16
Plan de acción	17
Avaliación e continuidade	26
Difusión e aprobación	26



Introdución

Nos últimos tempos, a nosa asociación está a experimentar unha serie de cambios importantes que afectan aos modos de traballar e de entender ALAS A Coruña, unha entidade que nace na Coruña no ano 2010 nun contexto social, político e económico ben distinto do actual, no que os discursos de odio contra a comunidade LGTBI+ son constantes e as democracias liberáis corren perigo ante o ascenso de partidos autoritarios.

As grandes entidades do terceiro sector levan xa uns anos publicando e compartindo cos seus grupos de interese planes estratéxicos. A nosa entidade de referencia, a **Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuais, Intersexuais e máis (FELGTBI+)**, elaborou e aprobou o seu I Plan Estratéxico no 2021. Anteriormente, esta federación aprobaba e publicaba a súa ponencia política, base sobre a que sustentaba o traballo desta organización. A nosa entidade fixo o propio no 2019, un documento útil para orientar ideolóxicamente o labor da asociación, mais, cunha ollada actual, esta ponencia política ten eivas importantes: carece de proceso de avaliación, data de caducidade, obxectivos específicos e medibles, etc.

Hai preto dun ano, a asociación embarcouse no proceso de consecución da **utilidade pública**. Ao longo destes meses ALAS A Coruña viu necesario aumentar o seu nivel de **transparencia**, non só para acadar esta meta, senón **para ir máis alá do que marca a lexislación**, xa que en torno ao 70% do orzamento da entidade provén de fondos públicos.

Este I Plan Estratéxico de ALAS A Coruña será un documento fundamental na toma de decisións, de xeito singular en situacións de risco, e axudará a reforzar o bo goberno da entidade. Recentemente, a nosa asociación está a experimentar un **importante crecemento** polo que compre ter ferramentas que orienten o ritmo e a forma de crecemento de ALAS A Coruña, tendo sempre presentes as múltiples **interseccionalidades** das persoas LGTBI+ e a perspectiva feminista en todo o noso traballo.


Metodoloxía

Para a elaboración do I Plan Estratéxico de ALAS A Coruña empregouse unha metodoloxía participativa na que interviron actores chave na asociación: xunta directiva, persoal técnico, persoas asociadas e persoal voluntario.

Este documento é froito do traballo altruista das persoas que forman parte de ALAS A Coruña.

Por mor da falta de financiación e tempo, este I Plan Estratéxico non puido contar coa visión doutras entidades do Terceiro sector, administracións públicas ou persoas usuarias dos servizos, programas e proxectos da entidade; todos eles grupos de interese sobre os que impacta a actividade de ALAS A Coruña.

As fases para a elaboración deste documento foron as seguintes:





Situación actual

ALAS A Coruña está a piques de festexar os seus catorce anos de historia en prol dos dereitos da comunidade LGTBI+ galega. Porén, e dende a súa **incorporación no ano 2015 á FELGTBI+**, a asociación coopera con outras entidades LGTBI+ de todo o país. A maiores, e grazas ás alianzas con outras ONG galegas, ALAS A Coruña ten participado nos últimos anos en **proxectos europeos**, todos eles centrados na problemática dos discursos e **delitos de odio**, campo no que a entidade é un referente grazas ao gran labor do seu principal servizo, o [Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia](#).

Tamaño

Ao peche do censo o pasado 2023 a entidade contaba con **102 personas** asociadas, o que supón un **incremento do 9,68%** con respecto ás cifras de decembro 2022. Máis aló de analizar o tamaño en función da base social da entidade, para caracterizar á mesma, compre tamén fixarse no **orzamento** que esta xestiona. Seguindo criterios da Fundación Lealtad, ALAS A Coruña sería unha **micro ONG¹**, xa que o seu orzamento non supera os 300.000€ anuais. Con todo, dende 2018 ALAS A Coruña ven experimentando un **crecemento económico e financeiro importante** grazas ao financiamento das diferentes administracións públicas e da colaboración co tecido empresarial.

Dun xeito coherente co orzamento, a **plantilla de ALAS A Coruña estase a estabilizar**. Na actualidade, a asociación conta con dous traballadores a xornada completa e agarda incrementar o seu número para poder **ofrecer máis e mellores servizos á cidadanía**.

Antigüidade

A Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña, actual ALAS A Coruña, nace o 3 de marzo de 2010 na cidade da Coruña, inspirada pola asociación lucense, ALAS Lugo, e como **resposta á falta dunha entidade non vencellada a ningún partido político ou sindicato**, trala desaparición do colectivo Milhomes.

¹ Fundación Lealtad: [Situación Actual de las ONG en España](#)



Nos seus primeiros anos de vida, a asociación centrou a meirande parte da súa actividade ao redor de **dous eixes de traballo, as actividades de lecer e a pedagogía en espazos educativos** sobre a realidade da comunidade LGTBI+. Nestes tempos, a asociación desenvolveu a meirande parte do seu traballo na urbe coruñesa, malia que dende o seu nacemento esta tivo **carácter provincial** ata 2018.

Cinco anos despóis da súa fundación, ALAS A Coruña entrou a formar parte como entidade de pleno dereito da FELGTB, na actualidade FELGTBI+, federación na que continúa a participar de xeito activo.

Coa posta en funcionamento do **Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia**, en **decembro do 2017**, a entidade comeza a senda cara a súa **profesionalización**.

Na actualidade, ALAS A Coruña segue a ter no seu ADN o **espírito activista e reivindicativo** co que naceu, ao tempo que traballa por **mellorar cada día a carteira de servizos, programas e actividades** que teñen como último propósito acadar a **igualdade real da comunidade LGTBI+**.



Forma xurídica e ámbito xeográfico



A asociación LGTBI+ ALAS A Coruña é unha organización sen ánimo de lucro con capacidade xurídica plena ao amparo da Lei Orgánica 1/2022 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación. Dende 2018, o seu ámbito xeográfico de actuación é a Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que eventualmente poida levar a cabo accións en calquera outro lugar do mundo, tal e como establece o artigo 5.2 dos seus Estatutos.

Compromiso

En outubro do 2021 ALAS A Coruña asina o seu I Plan de Igualdade, un paso importante da entidade e coherente coa súa forma de ollar á realidade social e económica, a través das lentes violetas do feminismo.

Ao longo do pasado ano, a xunta directiva da asociación traballou en tres documentos: a actualización dos Estatutos, a posta en marcha do primeiro regulamento de réxime interno e o deseño dun protocolo antiacoso.



Estes tres documentos foron enmendados e aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria. Os tres buscan a **mellora na gobernanza** da asociación e, en consecuencia, **aumentar o grado de transparencia** da entidade, inmersa na actualidade no proceso de consecución da **utilidade pública**.

Este I Plan Estratégico, xunto a outros documentos como o I Plan de Voluntariado, amosan o **compromiso** de ALAS A Coruña de continuar afondando no cumprimento normativo e nos procesos de gobernanza.

Campo de actividade

A actividade de ALAS A Coruña está dividida en dúas ramas de traballo diferenciadas, pero que se retroalimentan: a **asociativa** e a dedicada á **prestación de servizos**, na maioría das ocasións, ao conxunto da cidadanía.



Vida asociativa

Podemos definilas como o conxunto de actividades, eventos ou accións impulsadas dende a **base social** da entidade ou da xunta directiva e que, na meirande parte das ocasións, contan co respaldo da **oficina técnica** para o seu desenvolvemento.





No calendario de ALAS A Coruña existen actividades, eventos ou accións que se repiten con regularidade; un claro exemplo sería a organización da **marcha do Orgullo LGTBI+ na Coruña** e o conxunto de actividades que pivotan en torno a esta efeméride do mes de xuño. Outros dous exemplos serían os **premios Marcela e Elisa**, galardóns cos que a asociación destaca o labor de persoas ou colectivos en prol dos dereitos da comunidade LGTBI+, e as xornadas de activismo LGTBI+, **DinamizALAS**.

Porén, a meirande parte de actividades, eventos ou accións desta categoría non teñen unha data fixa, senón que van **xurdindo das ideas das persoas asociadas e do voluntariado**. Exemplos claros deste tipo de actividades serían as visitas culturais, as rutas de sendeirismo ou as presentacións de libros sobre temática LGTBI+.

Servizos, programas e proxectos

Se nos anteriores as persoas protagonistas eran as que conformaban a base social de ALAS A Coruña, nesta rama de actividade o papel máis importante o leva a cabo a **oficina técnica e persoal voluntario previamente formado coa coordinación da xunta directiva**. Na actualidade a entidade pon a disposición da cidadanía:

◆ Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia



Servizo que centra o seu labor na **escoita, acompañamento e asesoramento das vítimas de incidentes e delitos de odio en toda Galicia**. De xeito anual dende 2018, este servizo **publica informes** con datos sobre a violencia que padece a comunidade LGTBI+, ao tempo que fai recomendacións ás administracións públicas para que lexisen e implementen **políticas públicas** que preveñan e eliminen toda forma de discriminación e odio cara á comunidade LGTBI+. Grazas a este servizo ALAS A Coruña está a exercer a **acusación popular** no caso Samuel Luiz.



◆ Dereito a Saber

Proxecto dirixido ao conxunto da comunidade educativa, que ten como obxectivo principal dotala de ferramentas para que esta teña un mellor coñecemento da diversidade afectiva, sexual, de xénero e familiar (DASXF). Para acadar este obxectivo, o equipo técnico, coa axuda do persoal voluntario de ALAS A Coruña, imparte, curso tras curso, obradoiros sobre DASXF ao alumnado, ás ANPAS e ao persoal de administración e servizos dos centros. A maiores, a entidade oferta obradoiros dirixidos ao profesorado, que na meirande parte das ocasións están certificados polos Centros Autonómicos de Formación e Innovación (CAFI) espallados polo territorio galego.



◆ Saudade

Proxecto dirixido á poboación migrante, orientado a unha mellor integración deste colectivo na comunidade LGTBI+ da Coruña. A maiores, e grazas á colaboración con outras entidades como SOS Racismo ou a Cociña Económica, este proxecto oferta asesoramento en materia de protección internacional, asilo e refuxio, así como acceso a necesidades básicas tales como a comida ou a roupa.

◆ De Igual a Igual

Programa que promove unha saúde sexual libre de prexuízos e informada. Grazas ao mesmo, a entidade realiza dende 2021 probas rápidas de VIH e

VHC en fluído oral avaladas pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. O equipo técnico desenvolve un labor de prevención a través da realización das probas, pero tamén cos asesoramentos, o reparto de material profiláctico, as derivacións ao programa de PrEP ou a abordaxe da problemática do *chemsex*.





Análise DAFO

Previa á elaboración do plan estratéxico, ALAS A Coruña quixo por en práctica un **exercicio de reflexión** empregando a matriz DAFO, que representa as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da asociación nun momento determinado. Para a elaboración da matriz, tomouse como base as seguintes definicións de **Roberto Espinosa**²:

- **Debilidades:** son as limitacións internas, áreas de mellora ou puntos febles da entidade.
- **Ameazas:** son os factores que representan un risco para a organización e poden impedir o seu éxito.
- **Fortalezas:** representan os puntos fortes, capacidades ou atributos da asociación.
- **Oportunidades:** son condicionantes ou factores externos positivos que a entidade pode aproveitar.

O uso desta ferramenta permite a unha entidade como ALAS A Coruña **identificar** as súas vantaxes competitivas, optimizar os procesos na toma de decisións, xestionar mellor os riscos e ofrecer unha mellora na xestión e planificación estratéxicas.

Debilidades

- ▶ Dificultades para conseguir financiación.
- ▶ Reticencias por parte da masa asociativa á hora de asumir cargos directivos ou de reponsabilidade.
- ▶ Falta de participación por parte das bases, especialmente mulleres e persoas trans.

² Roberto Espinosa: [La matriz de análisis DAFO \(FODA\)](#)



Ameazas

►Externas:

- Cambios na lexislación e exceso de burocracia.
- Cambios no paradigma político e/ou social.
- Canibalización dos recursos por parte de consultoras sen experiencia no eido da diversidade.
- Atomización do tecido asociativo LGTBI+ en Galicia.

►Internas:

- Falta de recursos propios.
- Falta de diversificación das fontes de financiación .
- Pouco voluntariado / desmovilización.

Fortalezas

- Alta experiencia e coñecemento sobre a realidade da comunidade LGTBI+.
- Alta capacidade na xestión de proxectos.
- Posicionamento da entidade como referente nos dereitos LGTBI+ en Galicia.
- Estreita relación cos medios de comunicación e bo posicionamento online.

Oportunidades

- Maior interese por parte do mundo empresarial nos temas vencellados á diversidade.
- Intercambiar máis información con outras entidades LGTBI+ a través da FELGTBI+ e outras ONG.
- Acceso a novos públicos a través de novas canles ou actores chave na comunicación como influencers.
- Ampliación do alcance das comunicacións da asociación derivada da actualidade mediática.



Plan Estratégico

Misión, visión e valores

Misión

Promover os dereitos da comunidade LGTBI+ co fin de acadar a **igualdade real**, facendo especial fincapé en todas aquelas **interseccionalidades** que poidan comportar unha maior vulnerabilidade da persoa, tendo como marco de referencia e actuación os dereitos humanos.

Visión


Busca ser unha **entidade social de referencia** para a comunidade LGTBI+ de Galicia, nunha sociedade onde **todas as persoas poidan desenvolverse en liberdade** e teñan garantidos os mesmos dereitos, independentemente da súa orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

Valores

- ◆ **Transparencia e rendición de contas** ◆
 - ◆ **Feminismo** ◆
 - ◆ **Igualdade** ◆
 - ◆ **Independencia** ◆
 - ◆ **Diversidade** ◆
- ◆ **Xustiza social e económica** ◆
 - ◆ **Honestidade** ◆



ALAS A Coruña non entende a diversidade sen incluír nesta todas as interseccionalidades que atravesan a todas as persoas LGTBI+.



Eixes estratéxicos

Este I Plan Estratégico elaborado por ALAS A Coruña identifica seis eixes estratéxicos. Ningún deles é independente e todos interactúan entre si para que a asociación cumpra a súa misión, tendo como marco referencial a súa visión e respectando en todo momento os seus valores.

◆ EE1 ◆



Visibilizar á comunidade LGTBI+ no conxunto do territorio galego, prestando especial atención aos lugares onde non exista movemento asociativo en prol dos dereitos LGTBI+.

◆ EE2 ◆



Incidir nas políticas públicas a través do diálogo e a negociación coas institucións e outros actores relevantes para garantir e mellorar os dereitos das persoas LGTBI+

◆ EE3 ◆



Garantir o acceso a servizos e recursos de calidade dirixidos por e para a comunidade LGTBI+ de Galicia.

◆ EE4 ◆



Formar en DASXF ao conxunto da comunidade educativa galega, así como a outros actores públicos e privados.

◆ EE5 ◆



Empoderar ás persoas que forman parte da base asociativa, afondando no funcionamento democrático da entidade.

◆ EE6 ◆



Mellorar a estabilidade da entidade.

Plan de acción

Unha vez definidos os seis eixes estratéxicos deste I Plan Estratéxico, cada un deles ten asignados unha serie de **obxectivos a cumprir no periodo de vixencia deste plan**. Finalmente, e para implementar na realidade asociativa estes obxectivos, todos eles teñen asociadas unha serie de **accións**.



Eixe Estratéxico 1

Visibilizar a comunidade LGTBI+ no conxunto do territorio galego, prestando especial atención aos lugares onde non exista movemento asociativo en prol dos dereitos LGTBI+.

Obxectivo 1: Potenciar o asociacionismo e a visibilidade LGTBI+ en entornos rurais.

Accións:

- ▶ Asesorar aos concellos e colectivos veciñais rurais para a celebración de datas sinaladas para a comunidade LGTBI+ como o Orgullo.
- ▶ Colaborar con iniciativas no ámbito rural que visibilicen e promovan a diversidade.

Obxectivo 2: Poñer en valor figuras referentes históricas e contemporáneas para a comunidade LGTBI+ de Galicia.

Accións:

- ▶ Celebrar de xeito regular a entrega de premios Marcela e Elisa.
- ▶ Situar no discurso público da entidade a importancia da memoria LGTBI+.



Eixe Estratégico 2

Incidir nas políticas públicas a través do diálogo e negociación coas institucións e outros actores relevantes para garantir e mellorar os dereitos das persoas LGTBI+.

Obxectivo 1: Promover o coñecemento por parte da cidadanía das propostas políticas en materia de dereitos LGTBI+.

Accións:

- ▶ Organizar debates en periodos electorais sobre temas que preocupen á comunidade LGTBI+.
- ▶ Publicar nas canles de comunicación da asociación as reivindicacións políticas.
- ▶ Manter unha interlocución constante con representantes políticos e os seus partidos.

Obxectivo 2: Impulsar o avance lexislativo en materia de dereitos LGTBI+.

Accións:

- ▶ Dialogar cos representantes institucionais e outros actores relevantes no proceso de toma de decisións.
- ▶ Reunirse regularmente cos representantes institucionais e outros actores relevantes no proceso de toma de decisións.
- ▶ Difundir nos medios de comunicación a postura da entidade sobre a lexislación vixente e proposta.



Eixe Estratégico 3

Garantir o acceso a servizos e recursos de calidade dirixidos por e para a comunidade LGTBI+ de Galicia.

Obxectivo 1: Consolidar o labor do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia como servizo único e de referencia en toda Galicia fronte aos incidentes de odio.


Accións:

- ▶ Publicar anualmente o informe de actividade deste servizo.
- ▶ Mellorar a recollida dos datos cos que se elaboran os informes.
- ▶ Difundir os datos relativos á LGTBIfobia nos medios de comunicación e entre as institucións con competencias nesta materia.
- ▶ Ampliar a carteira de recursos deste servizo, facendo especial incidencia no coidado da saúde mental.

Obxectivo 2: Fomentar o coidado da saúde integral prestando especial atención á sexualidade.

Accións:

- ▶ Asesorar en prácticas non normativas e na prevención das ITS.
- ▶ Realizar e ampliar o servizo de proba rápida.
- ▶ Colaborar co servizo público de saúde e os seus profesionais.
- ▶ Participar en campañas que teñan como obxectivo derrubar estereotipos asociados á comunidade LGTBI+ no eido da saúde.



Obxectivo 3: Tecer e consolidar unha rede de alianzas con outras entidades sociais e administracións públicas ou privadas.

Accións:

- ▶ Asinar convenios de colaboración.
- ▶ Asesorar e compartir recursos e servizos que redunden na calidade das persoas usuarias.


Eixe Estratégico 4

Formar en DASXF ao conxunto da comunidade educativa galega, así como a outros actores públicos e privados.

Obxectivo 1: Consolidar o proxecto Dereito a Saber.

Accións:

- ▶ Aumentar o número de centros onde se levan a cabo os obradoiros en DASXF, especialmente na contorna e na propia cidade da Coruña.
- ▶ Entrar a formar parte do catálogo formativo ofertado polos CAFI.
- ▶ Impactar co proxecto nun maior número de concellos rurais.



Obxectivo 2: Formar ao persoal das diferentes administracións en materia de DASXF.

Accións:

- ▶ Aumentar o número de formacións ao persoal das administracións públicas.
- ▶ Sensibilizar ao persoal das administracións públicas sobre as problemáticas da comunidade LGTBI+.

Obxectivo 3: Promover a diversidade entre o tecido empresarial galego.

Accións:

- ▶ Incrementar o número de formacións en DASXF nas empresas.
- ▶ Concienciar na necesidade de deseñar e implementar plans de diversidade.
- ▶ Potenciar as políticas de inserción laboral orientadas á comunidade LGTBI+.
- ▶ Asinar convenios de colaboración e patrocinios.



Eixe Estratégico 5

Empoderar ás persoas que forman parte da base asociativa, afondando no funcionamento democrático da entidade.

Obxectivo 1: Aumentar o número de persoas que forman parte da entidade.


Accións:

- ▶ Desenvolver campañas de captación de novas persoas asociadas.
- ▶ Visibilizar o valor engadido que ten formar parte da asociación entre persoas alleas á mesma.
- ▶ Dar a coñecer o labor da asociación nos medios de comunicación.

Obxectivo 2: Incrementar o número e a participación das mulleres LTBI+ na entidade.

Accións:

- ▶ Crear actividades e espazos non mixtos na vida asociativa.
- ▶ Visibilizar as problemáticas e inquiredanzas das mulleres LTBI+.
- ▶ Planificar e organizar os diferentes aspectos da vida asociativa mantendo unha perspectiva de xénero.



Obxectivo 3: Sensibilizar ao conxunto da asociación en materia de feminismo.

Accións:

- ▶ Tecer alianzas co movemento feminista.
- ▶ Manter actualizado e velar polo cumprimento do Plan de Igualdade da asociación
- ▶ Traballar de maneira continuada para que a asociación sexa un espazo libre de violencias machistas.
- ▶ Formar ás persoas asociadas en materia de Feminismo e Igualdade.

Obxectivo 4: Mellorar os procesos de transparencia e rendición de contas.

Accións:

- ▶ Publicar no apartado de transparencia da web da entidade dun maior número de documentos.
- ▶ Acadar a utilidade pública.
- ▶ Dar un maior protagonismo ás persoas asociadas na toma de decisións e o desenvolvemento das actividades
- ▶ Dotar de formación ás persoas asociadas para que poidan participar activamente nas decisións económicas da entidade.

Eixe Estratégico 6

Mellorar a estabilidade da entidade.

Obxectivo 1: Reducir a dependencia orzamentaria das administracións públicas.

Accións:

- ▶ Buscar fontes de financiamento privadas.
- ▶ Diversificar a carteira de servizos remunerados da asociación.
- ▶ Incrementar a captación a través das cotas das persoas asociadas.

Obxectivo 2: Mellorar o control no apartado de gastos.

Accións:

- ▶ Implementar procesos de control e execución no gasto.
- ▶ Diversificar a listaxe de provedores e prestadores de servizos.
- ▶ Analizar e reducir os gastos superfluos.

Obxectivo 3: Estabilizar a situación da oficina técnica.

Accións:

- ▶ Acadar a estabilidade laboral do persoal.
- ▶ Mellorar e garantir o benestar das persoas traballadoras.
- ▶ Ampliar a oficina técnica con perfís cualificados para o desenvolvemento dos diferentes proxectos e servizos.
- ▶ Manter un diálogo e comunicación fluida entre o equipo directivo e o persoal laboral da entidade
- ▶ Facilitar a formación complementaria para o persoal.



Avaliación e continuidade

Este I Plan Estratégico de ALAS A Coruña será avaliado no último trimestre de 2025, coincidindo no tempo coa elección dunha nova xunta directiva. Desta forma, será a nova xunta directiva xunto coa oficina técnica e unha representación das persoas asociadas e voluntarias as encargadas desta avaliación. Os resultados deste proceso serán presentados nunha reunión ordinaria, a máis tardar en marzo de 2026, que inclúa na orde do día un punto específico.

No tocante á validez do plan, este deixará de ter vixencia ao finalizar o primeiro trimestre do 2026 e parza a súa actualización conformarase un equipo que represente, como mínimo, aos seguintes grupos: xunta directiva, oficina técnica e persoas asociadas. De xeito ideal, e co fin de mellorar este documento, o equipo tamén contará coa participación doutros grupos de interese que impactan na asociación, p.ex. personas voluntarias, usuarias dos servizos, outras ONG, administracións públicas, etc.

Difusión e aprobación

O I Plan Estratégico de ALAS A Coruña será sometido a votación en Asemblea Xeral Extraordinaria para a súa aprobación. A posteriori, este estará publicado no portal de transparencia da web da asociación para que tanto as persoas asociadas a entidade como alleas á mesma, p. ex. os seus grupos de interese, poidan consultar este documento.





Aprobado en asemblea xeral extraordinaria na Coruña, 24 de febreiro de 2024.

Asinado

V. e pr.

A secretaría

A presidencia



